



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
xosebaltar@bng.gal

PREGUNTA PARA PRESENTAR NO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

D. Bernardo Varela López , Voceiro do grupo provincial do BNG da Deputación de Ourense, en base o estipulado no artigo 14 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e o artigo 4 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo núm.2 de Ourense estimando parcialmente a demanda presentada por un particular condena á **Deputación Provincial de Ourense a abonar 193.093 € por o subministro de bancos e marquesinas á Entidade Provincial**. Asemade e nun pronunciamento inusual ordena a remisión das actuacións ao Ministerio Fiscal a fin de investigara eventual comisión dun delicto de prevaricación, ao apreciar que a adquisición do mobiliario foi realizado sen a tramitación dun previo procedemento de contratación, sen contrato ou licitación previo, é dicir, **"a dedo"**, sen a oportunidade de que outras empresas poderán realizar ofertas do mobiliario máis beneficiosas e/ou económicas.

Sen prexuízo de que unicamente se tratan de indicios da eventual comisión dun delicto de prevaricación, apreciados por unha Autoridade xudicial do orden contencioso-administrativo, o certo é que non é a primeira vez que o procedemento de contratación da Deputación Provincial de Ourense, presidida na altura polo Sr. Baltar Pumar, é obxecto dunha investigación xudicial de carácter penal por prevaricación administrativa. Así no ano 2014 mediante sentenza do Xulgado do Penal núm.1 de Ourense, confirmada pola Audiencia

Provincial, o Sr. Baltar Pumar foi condenado a 9 anos de inhabilitación especial como autor criminalmente responsable dun delito de prevaricación continuada pola contratación ilícita polo Ente provincial de máis dun centenar de traballadores e traballadoras. Xa que logo “chove sobre mollado”.

De conformidade co apreciado polo Xulgado Contencioso-Administrativo de Ourense semella que, a prevaricación continuada apreciada no seu día en materia de contratación de persoal, tamén atinxía a outros eidos da contratación da Deputación Provincial, como son os subministros de mobiliario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para responder no pleno :

Que valoración realiza a o goberno provincial da Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense que, de oficio e antes as evidencias constatadas na tramitación do recurso contencioso- acorda remitir ás actuacións á Fiscalía para a investigación dun delito de prevaricación administrativa?

Á vista dos numerosos indicios de ilegalidade, mesmo de transcendencia penal, ten realizado o actual goberno provincial algunha acción de control de legalidade sobre os procedementos de contratación administrativa da Deputación Provincial?

Pódesenos trasladar aos diferentes grupos desta corporación o expediente administrativo relativo a este procedemento?

Ourense 15 de xaneiro de 2021

Asdo: Bernardo Varela López
Voceiro do grupo provincial do BNG

A Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense